

### 3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

#### 3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

##### EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL na E.S.O. :

O alumnado disporá da posibilidade de asesorarse co profesorado do Departamento e facer as preguntas necesarias para resolver as dúbidas sobre a solución, resolución e procedemento dos traballos que teña que facer.

O alumnado recibirá un conxunto de exercicios ou traballos (entre 8 e 12 láminas dependendo o curso) que versarán sobre as diferentes unidades da materia pendente. Entregará os traballos nun prazo indicado e supoñen o 100% da nota. A nota final terá que ser maior ou igual a 5 para acadar a cualificación positiva.

Valorarase: -Boa resolución dos exercicios  
- Creatividade  
- Limpeza e presentación

**CAU I:** Realizarase unha proba escrita sobre os contidos teóricos da materia e entregarán un traballo teórico práctico onde se apliquen aqueles coñecementos establecidos como mínimos esixibles para a superación da materia. A proba teórica contará un 60% da nota final, polo que o traballo teórico práctico contará un 40 % da nota final. A nota final terá que ser maior ou igual a 5 para acadar a cualificación positiva. Os traballos farán media a partir dun 4.

Valorarase:

- Organización e estrutura lóxica de contidos
- Emprego dunha terminoloxía adecuada e específica
- Orixinalidade na resolución dos traballos
- Emprego de todos os contidos establecidos como mínimos esixibles
- Limpeza e claridade tanto nas tarefas coma na expresión oral e escrita

**FUNDAMENTOS DA ARTE I:** Realizaranse 3 traballos correspondentes á materia de cada trimestre onde expoñan coñecementos suficientes e demostren distinguir, recoñecer e describir os rasgos formais i estilísticos das producións artísticas e movementos artísticos. Os dous primeiros traballos suporán un 60% (30% cada un) e o traballo final un 40%. A nota final terá que ser maior ou igual a 5 para acadar a cualificación positiva.

Valorarase:

- Organización e estrutura lóxica de contidos
- Emprego dunha terminoloxía adecuada e específica
- Orixinalidade na resolución dos traballos

**DEBUXO ARTÍSTICO I:** Entrega de 5 traballos nos que se recollan as principais técnicas grafico-plásticas. Cada traballo suporá un 20% da nota.

Valorarase: -Boa resolución dos exercicios  
- Creatividade  
- Limpeza e presentación

#### 3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.

- Proporanse láminas e traballos, individuais i en equipo que supoñan iniciativas creativas. Na medida do posible traballarase no exterior.

-Escolleranse os contidos da materia que se estimen imprescindibles, e que o seu coñecemento condicione de xeito importante a adquisición de competencias en cursos posteriores (nunha materia que non ten continuidade; temos cursos alternos, 1º, 3º i en 4º a materia é optativa).

**1º ESO :** Realización daqueles traballos non superados, para a recuperación dos estándares e competencias necesarias en cada un dos trimestres nos que non se acadara a cualificación positiva.

Valorarase: -Boa resolución dos exercicios

- Creatividade
- Limpeza e presentación

**3º e 4º ESO:** Realización daqueles traballos non superados para a recuperación dos estándares e competencias necesarias en cada un dos trimestres nos que non se acadara a cualificación positiva. Entregaranse ao alumnado apuntes adaptados se fose preciso. A nota final deberá ser maior ou igual a 5 para acadar a avaliación positiva.

Valorarase:

- Organización e estrutura lóxica de contidos
- Emprego dunha terminoloxía adecuada e específica
- Orixinalidade na resolución dos traballos
- Emprego de todos os contidos establecidos como mínimos esixibles
- Limpeza e claridade tanto nas tarefas coma na expresión oral e escrita

### **3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.**

**FUNDAMENTOS DA ARTE I:** Actividades proactivas, que supoñan iniciativas para distinguir, recoñecer e describir os rasgos formais i estilísticos das producións artísticas e movementos artísticos dende a Prehistoria ata o Romanticismo. No caso de alumnado que teña que recuperar e reforzar materia, realización daqueles traballos non superados ou traballos sobre os temas nos que presentaran dificultades durante o curso.

**DEBUXO ARTÍSTICO I:** Actividades nas que se refórce a resolución práctica de traballos, realizados no exterior, aplicando as técnicas gre os procesos experimentados durante o curso. Realización de debuxos individuais e completar caderno de artista.

**CAU I:** Realización daqueles traballos non superados e realización dunha proba escrita para a recuperación dos estándares e competencias necesarias en cada un dos trimestres nos que non se acadara a cualificación positiva. A proba teórica contará un 60% da nota final, polo que o traballo teórico práctico contará un 40 % da nota final. A nota final terá que ser maior ou igual a 5 para acadar a cualificación positiva. Os traballos farán media a partir dun 4.

Valorarase:

- Organización e estrutura lóxica de contidos
- Emprego dunha terminoloxía adecuada e específica
- Orixinalidade na resolución dos traballos
- Emprego de todos os contidos establecidos como mínimos esixibles
- Limpeza e claridade tanto nas tarefas coma na expresión oral e escrita

**VOLUME:** Darase a oportunidade ó alumnado suspenso de facer as tarefas exixidas durante o curso e que non fixeron.

Faranse recuperacións das probas teóricas suspensas; só das partes que non se presentaron ou teñan suspensas.

Traballos destinados a coñecer os diferentes materiais para realizar construcións en 3 dimensións.

Traballos de construción de obras tridimensionais a partir de bosquexos e maquetas.

**DEBUXO TÉCNICO I:** Darase a oportunidade ó alumnado suspenso de facer as tarefas exixidas durante o curso e que non fixeron.

Faranse recuperacións das probas teóricas suspensas, só das partes que non se presentaron ou teñan suspensas.

Eercicios sobre coñecemento dos instrumentos de Debuxo Técnico, Xeometría plana e Xeometría descriptiva.

### **3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.**

**FUNDAMENTOS DA ARTE II:** Actividades proactivas, que supoñan iniciativas para distinguir, recoñecer e describir os rasgos formais i estilísticos das producións artísticas e movementos artísticos dende o Romanticismo ata as Vanguardas e a Arte Contemporánea.

**DEBUXO ARTÍSTICO II:** Actividades nas que se refórce a resolución práctica de traballos realizados no exterior

aplicando as técnicas e os procesos experimentados durante o curso. Realización de debuxos individuais e completar caderno de artista.

**DEBUXO TÉCNICO II:** Darase a oportunidade ó alumnado suspenso de facer as tarefas exixidas durante o curso e que non fixeron.

Faranse recuperacións das probas teóricas suspensas, só das partes que non se presentaron ou teñan suspensas.

Exercicios de xeometría plana e xeometría descriptiva tendo de referencia e centrándose nas probas da ABAU.

Realizar exercicios das probas da ABAU de convocatorias anteriores.

**DESEÑO II :** Darase a oportunidade ó alumnado suspenso de facer as tarefas exixidas durante o curso e que non fixeron.

Traballarase: -Entender qué é o deseño e as súas aplicación

-Coñecer a terminoloxía propia do deseño e a historia do deseño.

-Realizar análises de diferentes imaxes.

**CAU II:** Realización daqueles traballos non superados e realización dunha proba escrita para a recuperación dos estándares e competencias necesarias en cada un dos trimestres nos que non se acadara a cualificación positiva. A proba teórica contará un 50% da nota final, polo que o traballo teórico práctico contará outro 50 % da nota final. A nota final terá que ser maior ou igual a 5 para acadar a cualificación positiva. Os traballos farán media a partir dun 4.

Valorarase:

- Organización e estrutura lóxica de contidos
- Emprego dunha terminoloxía adecuada e específica
- Orixinalidade na resolución dos traballos
- Emprego de todos os contidos establecidos como mínimos esixibles
- Limpeza e claridade tanto nas tarefas coma na expresión oral e escrita